

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 6 de maio de 2011 pola que se modifica a do 30 de novembro de 2010 pola que se aproban as bases e se convocan axudas, complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do Programa comunitario de mobilidade Erasmus e de Suíza, para estudantes universitarios que participan nesta acción no curso 2010-2011, para ampliar o seu orzamento.*

A Orde do 30 de novembro de 2010 (DOG n.º 236, do 10 de decembro) pola que se aproban as bases e se convocan axudas, complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do Programa comunitario de mobilidade Erasmus e de Suíza, para estudantes universitarios que participan nesta acción no curso 2010-2011, establece no seu artigo 2 o orzamento total de 500.000 de euros para a concesión destas axudas.

Porén, o mesmo artigo establece que tal cantidade poderá ser incrementada de acordo coas dispoñibilidades económicas da consellería. Existindo esta dispoñibilidade, amplíase a contía en 617.280 euros.

Por todo o exposto,

DISPOÑO:

Artigo único. Modificación da Orde do 30 de novembro de 2010 pola que se aproban as bases e se convocan axudas, complementarias ás achegadas pola Unión Europea no marco do Programa comunitario de mobilidade Erasmus e de Suíza, para estudantes universitarios que participan nesta acción no curso 2010-2011.

O artigo 2 da citada orde queda redactado como segue:

«As accións derivadas desta convocatoria ascenden a un total de 1.117.280 euros sen prexuízo de poder ser incrementadas de acordo coas dispoñibilidades económicas da consellería, financiaranse con fondos propios da Comunidade Autónoma e con cargo á aplicación orzamentaria 09.02.422C.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011».

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2011.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria